

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e un de decembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros, o Sr. concelleiro D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O señor alcalde manifesta que a urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar, por motivos de interese público, a contratación dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre", ao vencer a póliza vixente o 31/01/2023 e manifesta que considera debidamente xustificada a convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

2º.- Aprobación do expediente para a contratación dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre" (Expediente TEDeC 2022/C006/000008), de acordo co artigo 117 da LCSP.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2022 (CVD: bgVHXWvnFsrewDytaTef),

relativa á aprobación do expediente para a contratación dunha “Póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre” (Expediente TEdC 2022/C006/000008), de acordo co artigo 117 da LCSP, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/12/2020, adxudicouse a “Mapfre España Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A.”, o contrato administrativo relativo á subscrición dunha póliza de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre con efectos desde o 01/02/2020 ata o 31/01/2021, que foi obxecto de 2 prórrogas sucesivas, de carácter anual.

A segunda prórroga finaliza o próximo 31/01/2023, sen que exista a posibilidade de nova prórroga, así pois, resulta necesario tramitar un expediente contractual, motivado na necesidade de contar coa correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil, que responda dos posibles danos e perdas causados como consecuencia da actuación, no exercicio da súa actividade, do persoal dependente do Concello de Cambre.

O Concello de Cambre ten contratado o servizo de asesoramento e mediación de seguros coa entidade “Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.”, a través dun contrato baseado no Acordo Marco para a prestación do servizo de mediación de riscos y seguros da FEMP.

Con data 08/11/2022, e unha vez analizadas as opcións de licitación dun novo concurso para a contratación do seguro de responsabilidade civil para o Concello de Cambre ou a opción de acudir ao Acordo Marco de seguros da FEMP, o mediador de seguros do Concello de Cambre elabora un informe no que conclúe que o concello pode conseguir unhas mellores condicións licitando o seguro de responsabilidade civil, tanto no custo como nas franquías de aplicación por sinistro, fronte á opción presentada polo Acordo Marco de seguros da FEMP.

Con data 30/11/2022, o mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre, elabora o prego de prescricións técnicas para a contratación da póliza, con efectos desde o 01/02/2023, cun importe de prima anual máximo de 32.000,00 euros e un orzamento base de licitación de 64.000,00 euros (2 anos de duración sen prórroga).

Con data 16/12/2022, a xefa da Unidade de Réxime Interior asina o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalidades administrativas e condicións especiais de execución do contrato (CVD: 1NAur5IbZ4YeRZRjL4uh), así como a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, xustificación da non división en lotes e da elección do procedemento, cun orzamento base de licitación de 64.000,00 euros e un valor estimado tamén de 64.000,00 euros (CVD: 7HY0gwZ0+K06Cyzdpal).

Consta no expediente o informe da técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, de data 30/11/2022 (CVD: SmDKacnFnak3yVDqX2J+) que di:

“(…/…) No orzamento prorrogado de 2023 sí vai existir crédito na aplicación “920/22400 Primas de seguros Administración General” adecuado e suficiente para a contratación da póliza de responsabilidade civil por importe de 32.000,00 euros, e procederase á súa retención o primeiro día hábil do ano 2023.”

Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: zq4/ia+rCFG0hobmi1p3) asinado, con data do 20.12.2022, pola técnica de xestión de administración xeral e a secretaria xeral.

Consta no expediente o informe-proposta emitido con data do 20.12.2022 pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e do interventor municipal (CVD: 2Q6ezaysP7hNHOAf+6jg).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o expediente para a contratación dunha “Póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre” (Expediente TEdC 2022/C006/000008), de acordo co artigo 117 da LCSP. De conformidade co disposto no punto 2 da disposición adicional terceira da LCSP, a presente contratación está suxeita a tramitación anticipada dado que a súa execución material comezará no exercicio seguinte, polo que a súa adxudicación queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento, sen que dita circunstancia outorgue aos licitadores dereito algún a indemnización.

Segundo: Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento empregado para a adxudicación o procedemento aberto simplificado, ao cumprirse neste caso as condicións establecidas para elo no apartado primeiro do artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 da LCSP, publicar no perfil do contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación (CVD: 7HY0gwZ0+K06Cyzdpa), o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: zq4/ia+RCFG0hobmi1p3) e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato (asinado o 30/11/2022 polo mediador de seguros) e o acordo de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o orzamento base de licitación.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.
- Vogais:
 - A secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.
 - O interventor, don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - A técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López.
 - A xefa da Unidade de Réxime Interior, dona Paula Villamisar Varela.
- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de secretaría, dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2022 (CVD: bgVHXWvnFsrewDytaTef), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo